

**COMPARECENCIA DO DELEGADO DE MEDIO AMBIENTE (BAIXA RESPONSABLE
INFORMES TELEFONIA MOBIL)**

PLENO 29 FEBREIRO 2012. ACTA 2/2012

O concelleiro Varela Couñago formula ao efectos da comparecencia solicitada o seguinte:

O 6 de febreiro deste mes, no Consello Parroquial de Chapela, Miguel A. Ballesteros, en condición de presidente, introduxo na orde do día como punto 5 “*Informar sobre as antenas de Telefonía Móbil*”. Neste punto, o representante de AER formulou nunha pregunta que informes había sobre as antenas, xa que había 4 meses que o Concello contratara unha empresa para esta función. Miguel (o presidente) contestou que non había ningún informe porque a persoa encargada de facelos se atopaba de baixa por un accidente, como así o confirma a propia acta do Consello Parroquial enviada polo Concello. O xoves 16 de febreiro ás 14:00 horas citáronnos no Concello para unha reunión informativa sobre o tema das antenas, estando presente na mesma un membro da empresa contratada. Para a nosa sorpresa, nesta reunión o representante da empresa acusou a AER de mentir, xa que si se está a traballar nos informes, que era falso que a persoa responsable de facer os informes estivera de baixa e que a información que déramos publicamente era falsa. **Tendo en conta isto, dende AER solicitamos a comparecencia do Sr. Miguel A. Ballesteros no Pleno de febreiro do 2012 para que explique as razóns polas que dixo que a persoa responsable de facer os informes estivo de baixa por un accidente e a persoa en cuestión négao e acúsanos de mentir.**

O concelleiro Alvarez Ballesteros di que lamenta que un asunto que se levou para sinalar que se estaba a traballar no tema das antenas quedou simplemente reducido á cuestión de se a empresa traballaba ou non ou alguén estaba de baixa. Pidiu disculpas á empresa e sinala que non houbo mala intención.

O concelleiro Varela Couñago agradece que pida disculpas.